

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Moisés Blanco Paradelo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-001188(11880)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de retirar da base de Vilanova o helicóptero de loita contra incendios do Barco de Valdeorras.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellería do Medio Rural a que, unha vez finalizadas as xestións cos respectivos propietarios dos terreos e demais entes implicados, a efectos de declarar o seu uso exclusivo, reabra no periodo de prazo mais breve posible a base de helicópteros de Vilanova”.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2018 18:06:37

Moisés Blanco Paradelo na data 13/06/2018 18:06:47

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002245 (28502)**, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no proxecto de reforma da estrada comarcal PO-403 e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1.- Incorporar no posible ao proxecto de reforma da estrada comarcal PO-403 as suxestións recibidas no proceso de información pública realizado, nomeadamente as seguintes actuacións:

- 1) Completar os percorridos peonís en ambas marxes no ámbito do proxecto.
- 2) Cumprir a normativa de accesibilidade nos largos das beirrarúas ou sendas e nos pasos de peóns.
- 3) Establecer medidas de redución efectiva da velocidade nos treitos rectos e de pendente.
- 4) Mellorar a seguridade viaria dos pasos de peóns.
- 5) Estudar en todo o treito medidas de mellora da accesibilidade e da conectividade co resto do viario transversal en condicións de seguridade viaria.

2.- Demandar do Concello de Pontearreas a mellora do alumeado público en todo o percorrido.

3.- Demandar do Goberno do Estado a sinatura dun convenio que desenvolva o protocolo asinado no ano 2015 pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Pontearreas para a execución da variante de Pontearreas”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2018 17:34:55

Jacobo Moreira Ferro na data 13/06/2018 17:35:27

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002399(29958)**, sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través de Portos de Galicia e tras o remate do período estival, dos proxectos correspondentes ao acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, no concello de Poio, segundo os convenios asinados

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través de Portos de Galicia, poña en marcha, unha vez o Concello clarexe a localización da depuradora, os proxectos correspondentes aos Portos de Covelo e Raxó (no Concello de Poio), de acordo cos convenios asinados, sempre fóra de época estival por se tratar dunha zona eminentemente turística.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2018 17:37:56

Teresa Egerique Mosquera na data 13/06/2018 17:38:30

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002349 (29491)**, sobre o impulso polo Goberno galego, no marco do Plan de transporte metropolitano público de Galicia, da creación dunha autoridade única de transporte metropolitano para a planificación, coordinación e xestión do Servizo de transporte de viaxeiros na cidade e no conxunto da Área Metropolitana da Coruña, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar do Goberno municipal da Coruña que, de cara a avanzar na mellora da Área de Transporte, se implique no proceso participativo que abriu a Xunta de Galicia no mes de abril para a definición das novas liñas de transporte público para que se adapten máis ás necesidades das persoas.
- 2.- Solicitar do Goberno da Coruña que comparta o traballo elaborado pola asistencia técnica contratada polo Concello, e achegue propostas concretas e viables en relación ás liñas de transporte no marco do proceso participativo que se abriu no marco do Plan de Transporte Público de Galicia.
- 3.- Definidas as propostas e as liñas de transporte que melloren os servizos actuais, analizar a viabilidade e eficacia do ente xurídico que mellor se adapte ao modelo que se adopte para o transporte por estrada urbana, periurbana e interurbana de toda a área metropolitana da Coruña”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2018 17:39:20

Martín Fernández Prado na data 13/06/2018 17:39:52

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativado deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002496 (31007)**, sobre as actuacións que debe levar a Cabo o Goberno galego en relación coas reiteradas situación de colapso que se veñen producindo na autoestrada AP-9, o custo que supoñen para as persoas usuarias e o rescate da concesión, así como a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento respecto da suba das peaxes para o ano 2018

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Demandar do Ministerio de Fomento que manteña a Comisión conxunta creada entre Xunta e Ministerio en febreiro o ano pasado como marco estable no que abordar os asuntos relativos á AP-9. Esta comisión reunirase, como veu facendo ata o de agora, cunha periodicidade mínima semestral. Así mesmo, teranse en conta os compromisos xa acadados con anterioridade entre Xunta de Galicia e Goberno do Estado no marco desta Comisión.
- 2.- Insistir ante o Ministerio de Fomento que se garanta a prestación dun servizo de calidade aos usuarios da AP-9.
- 3.- Trasladar ao Ministerio de Fomento a necesidade de que a empresa concesionaria instale os sistemas necesarios para avisar do estado da autoestrada antes de todas as incorporacións.
- 4.- Solicitar do Ministerio de Fomento que se cumpran os acordos acadados con anterioridade coa empresa concesionaria, fundamentalmente, no relativo á adopción de medidas ante situacións excepcionais, incluíndo a posibilidade de levantar barreiras cando sexa oportuno, e as medidas compensatorias das obras de ampliación ao seu paso por Redondela”.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2018 17:40:46

Martín Fernández Prado na data 13/06/2018 17:41:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputada **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reiteradas situacións de colapso que se veñen producindo na autoestrada AP-9, o custo que supoñen para as persoas usuarias e o rescate da concesión, así como a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento respecto da suba das peaxes para o ano 2018, con número de rexistro **31007 (10/PNC-002496)**, que figura na orde do día da Comisión 2ª, convocada para o vindeiro 14 de xuño de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Aprobar un protocolo de actuación en caso de atascos que estableza o levantamento de barreiras en caso de retencións de máis de 1 quilómetro.”

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:27
Nº Rexistro: 32372
Data envío: 13/06/2018 17:27:14.893

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 17:26:34

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 17:26:39

Á MESA DA COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia número 29491 (10/PNC 002349)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 14 de xuño de 2018.

Emenda de adición:

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“4º) Apoiar e incluír no Plan de Transporte Público de Galiza a alegación presentada pola Mesa de Alcaldes dos concellos da Área Metropolitana da Coruña, asinada polos alcaldes de Culleredo, Bergondo, Oleiros, Betanzos, Sada, A Coruña e Cambre para a creación dunha Autoridade Única de Transporte baixo a fórmula dun consorcio presidido polo Concello de A Coruña cuxa misión debe ser a de planificar, coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto da área metropolitana, incluíndo tamén os propios servizo urbanos.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 13/06/2018 17:03:50

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Vigo en relación coa humanización da avenida de Castrelos, no treito inicial da estrada PO-330, ou, se é o caso, a actuación que debe levar a cabo ao respecto (10/PNC-002467, doc. núm. 30709)

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, no exercicio das súas competencias, inicie de inmediato a humanización da avenida de Castrelos no treito inicial da PO-330 no concello de Vigo.”

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2018 16:12:44

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reiteradas situacións de colapso que se veñen producindo na autoestrada AP-9, o custo que supoñen para as persoas usuarias e o rescate da concesión, así como a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento respecto da suba das peaxes para o ano 2018 (10/PNC-002496, doc. núm. 31007)

Emenda de modificación dos puntos 5 e 6

Débase modificar os puntos 5 e 6 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contido:

“5.- Demandar do Ministerio de Fomento as accións oportunas para que calquera suba das peaxes na AP-9 se suxete estritamente ás condicións obrigadas e previamente establecidas, imposibilitándoas ata entón.

6.- Iniciar os trámites necesarios para a realización previa dun estudo rigoroso dos custos de operación e mecanismos de financiamento para posibilitar as posibles alternativas ás peaxes na AP-9, incluíndo acadaro rescate da actual concesión.”

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2018 16:12:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa da Comisión 2ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o acordo que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual nº 7 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Curtis, publicada no “diario Oficial de Galicia” do 27 de marzo de 2018 (doc. núm. 29279).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a non autorizar a modificación puntual número 7 do PXOM do Concello de Curtis publicada no DOG do 27 de marzo de 2018 mentres non se formulen as conclusións da Comisión parlamentaria non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, nomeadamente en materia de ordenación das especies forestais e de regulación do eucalipto, garantindo a protección e sostibilidade dos solos con aptitude agronómica.”

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/06/2018 17:46:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2018 17:46:54